

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de abril do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Pedro Cambón Fernández.
José Luis Sampedro Bouzas.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 4 de abril de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 29 de marzo de 2016.
- 2º.- Comunicación previa (obra menor).
- 3º.- Prórroga de licenza de obra maior.
- 4º.- Licenza de segregación.
- 5º.- Comunicación previa (actividade).
- 6º.- Licenza de obra maior.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 29 DE MARZO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 29 de marzo de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE SANTIAGO PEREZ, con domicilio en Adoufe 12, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Adoufe 12, Os Ánxeles:

- No interior da vivenda, substituír a cociña existente (mobiliario e electrodomésticos).
- Nas fachadas, substituír a carpintería existente de aluminio anodizado de cor branco e vidro simple, por unha nova carpintería de aluminio con rotura de ponte térmico e acristalamento dobre, sen alterar os ocos existentes.
- Na cuberta, substituír os canos e baixantes e limpar os aleiros.
- Nas instalacións, substituír a caldeira de gasóleo por unha caldeira de pellets.
- Conexión á rede pública de abastecemento de auga e conexión á rede pública de evacuación e tratamento de augas residuais.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A carpintería de aluminio deberá ser lacada en cor, prohibíndose a carpintería de aluminio na súa cor natural.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 100,00 €, que deberá presentar no concello con anterioridade á expedición da autorización.
- Unha vez rematadas as obras de conexión deberá presentar os informes favorables da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por CARLOS ANDRES SEÑORIS BARGO, con domicilio en Vilanova 6, Os Ánxeles, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de construción dunha vivenda en Vilanova 15, Os Ánxeles, concedida na Xunta de Goberno Local do 01/03/2013.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder unha prórroga de tres anos para o remate das obras contados a partir da data de concesión desta prórroga.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ángel Pais Pol, que di actuar en representación de MINIA RODRIGUEZ IGLESIAS, con domicilio en Urb. Souto de la Iglesia 28, Meirás (A Coruña), de solicitude de licenza de segregación e agrupación, para a regularización de lindes de dúas fincas en Guitiande, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Javier Jove Pose, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación (A Coruña) o 19/02/2016, e documentación complementaria presentada no concello o 29/03/2016 (r.e. 1255), visada o 28/03/2016.

Descrición da parcela orixinal:

Parcela A.

Referencia catastral: 7350304NH2475S0001GL.

Superficie: 1.239 m².

Clasificación urbanística: solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: Lino Rodríguez Tobío.

Sur: camiño.

Leste: zona excluída.

Oeste: parcela segregada.

Parcela B.

Referencia catastral: 7350303NH2475S0001YL.

Superficie: 686 m².

Clasificación urbanística: solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: parcela 735038NH2475S.

Sur: camiño.

Leste: parcela 7350302NH2475S.

Oeste: con parcela anterior.

Segregación e agregación pretendida:

Ao trazar unha perpendicular polo punto máis favorable a ambas parcelas, existen tres porcións de terreo, as B1 e B2 que se pretenden segregar da parcela A e agregalas á parcela B, así como a porción A1 se pretende segregar da parcela B e agregala á parcela A.

Porción B1

Superficie: 59,66 m².

Apórtase á Parcela B.

Porción B2

Superficie: 19,84 m².

Apórtase á Parcela B.

Porción A1

Superficie: 79,50 m².

Apórtase á Parcela A.

As parcelas agregadas e segregadas entre si, non alteran as superficies das parcelas aportadas.

Descrición das parcelas resultantes:

Parcela A

Superficie: 1.239 m².

Lindes:

Norte: Lino Rodríguez Tobío.

Sur: camiño.

Leste: zona excluída.

Oeste: parcela segregada.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira, finca 13.513, tomo 585, libro 127, folio 38.

Sobre esta finca existe unha construción destinada a vivenda de planta baixa de 85 m² e planta primeira de 81 m², cunha superficie construída total de 166 m², posúe unha edificación auxiliar adosada ao seu linde leste de 40 m² destinada a garaxe.

Parcela B

Superficie: 686 m².

Lindes:

Norte: parcela 735038NH2475S.

Sur: camiño.

Leste: parcela 7350302NH2475S.

Oeste: parcela anterior.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade cos informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, informando á interesada que a licenza queda condicionada a que na propia escritura pública na que se formalice, se leve a cabo a cesión gratuíta e libre de cargas a favor do concello e con destino á ampliación de viario público municipal, da porción de 292,00 m² situada a menos de 6 metros do eixo do vial ao que da fronte a parcela.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALBERTO MIGUENS IGLESIAS, con domicilio en Sabaxáns 82, Bastavales, para o funcionamento da actividade de estanco en Sabaxáns 84, Bastavales, á que achega informe de avaliación de niveis de illamento acústico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Xosé Pouso Iglesias e o certificado final de dirección de obra do arquitecto José Mario López Freire, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación da Coruña con data 29.02.2016, e copia da resolución do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 18.03.2016 (expte 002-03362/15-RT) pola que se autoriza o cambio de emprazamento.

A Xunta de Goberno Local o 07/10/2014 concedeulle licenza a Alberto Miguéns Iglesias para construír o edificio destinado a local comercial en Sabaxáns 84, Bastavales.

A edificación emprázase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación de acordo co artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, a apertura do establecemento dedicado a estanco, situado en Sabaxáns 84, Bastavales.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por DAVID ANICETO FERREIRO, con domicilio en Bastavaliños 2, Bastavales, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Bastavaliños 44, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto David Montes Pose, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18/12/2015 e documentación complementaria visada o 14/01/2016 presentada no concello o 15/01/2016 (r.e.188) e o 28/03/2016 (r.e. 1229).

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 15 de marzo de 2016 (expediente núm. 115/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto David Montes Pose, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18/12/2015 e documentación complementaria visada o 14/01/2016 presentada no concello o 15/01/2016 (r.e.188) e o 28/03/2016 (r.e. 1229).
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía da urbanización, entendendo por tal a conexión cos servizos urbanos existentes na fronte da parcela, e mesmo sobre as oportunas reposicións das infraestruturas afectadas, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, a aceptación de 35,13 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 171 da Lei 9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e

protección do medio rural de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 1 de abril de 2016.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González